




- Loiba. Ruta das Algas
- Celtigos. Ruta da Pena Furada
- Ruta dos cantís de Celtigos
- Espasante. Ruta dos Mariñeiros
- Ruta da Intermareal de Ladrido



O mar de Ortigueira, os seus produtos e as súas xentes son os protagonistas do "Camiño da costa". Este itinerario de sendeirismo polo litoral da localidade propón a veciños e visitantes descubrir paraxes singulares e máxicas, vivir en primeira persoa o traballo de pescadores, mariscadoras e alqueiras e, como colofón, entregarse aos praceres da boa mesa. En definitiva, a forma máis completa e auténtica de achegarse á cultura mariñeira.



D.L. C 3506-2010

**20 quilómetros**  
**5 rutas**  
Interese ambiental, paisaxístico,  
histórico, etnográfico e  
gastronómico  
*Ladrido, Espasante, Celtigos e  
Loiba, paso a paso*

Fotografías: Álvaro Fernández Polo



zona 1  
A Mariña-Ortega  
grupos de acción  
costeira 2007-2013



Concello de  
Ortigueira



GOBERNO  
DE ESPAÑA



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE  
Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo  
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

[www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es)

## Camiño da costa

Descubre o turismo mariñeiro







Concello de Ortigueira





## Ruta da intermareal de Ladrído

Ilha de San Vicente

**Punto de partida:** embarcadoiro de Ladrído 43°42′05.49″ N 43°42′05.49″ O

**Punto de destino:** praia da Concha en Espasante 43°42′08″ N 7°49′13.67″ O

**Distancia:** 4,65 km (só ida)

**Tipo de sinalización:** pivotes de madeira

### Como chegar?

No km 57 da AC 862 (estrada Ferrol - Viveiro), toma o desvío a Ladrído ata chegar ao embarcadoiro da parroquia.

### O que vas atopar:

- Un punto de observación de aves privilexiado. A Ría de Ortigueira - Ladrído, humidal de importancia internacional, zona ZEPA e espazo en réxime de protección xeral, constitúe unha importante área de alimento e refuxio de aves invernantes e migratorias.


- Baixando á ribeira, na franxa intermareal, poderás comprobar a diversidade faunística da ría.

- Calas como a de Vidueiros ou a de Santa Eulalia que antes eran territorio reservado para os pescadores.

- Iniciado o camiño, panorámicas da praia de Morouzos, da Illa de San Vicente, do Cabo Ortegal e do porto de Espasante.

**Unha suxestión:** para tomar forzas, saborea un bo prato de ameixas ou berberechos, os produtos máis abondosos nesta área.

#### Nivel de dificultade



#### Mapa da ruta



## Espasante. Ruta dos Mariñeiros

Porto de Espasante

**Punto de partida:** inicio Paseo Marítimo praia da Concha. 43°43′02.02″ N 7°49′13.67″ O

**Punto de destino:** praia de Santo Antón 43°43′18.47″ N 7°48′17.66″ O

**Distancia:** 2,7 km (só ida)

**Tipo de sinalización:** pivotes de madeira

### Como chegar?

No km 57,8 da AC 862, toma o desvío a Espasante, ata chegar á Casa do Mar, onde poderás aparcar e iniciar o camiño. Tes a posibilidade de utilizar o tren da costa. FEVE dispón de estación nesta vila mariñeira.

### O que vas atopar:

- Dúas das praias máis frecuentadas do municipio, a da Concha, cun pequeno cordón dunar e na que se atopan os restos das antigas fábricas de salgadura, e a de Santo Antón.


- O pequeno porto de Espasante, centro da actividade pesqueira do municipio.

- Lugares de interese histórico como o xacemento catrexo de Punta dos Prados ou a Garita da Vela, construción de vixilancia do século XVIII.

- E, por suposto, Antón, o porco con máis sonda do municipio, que pode saírche ao paso en calquera recuncho. É o rei das rúas desta típica vila mariñeira.

**Unha suxestión:** non te vaías sen degustar os manxares (polbo, percebes, nécoras...) que serven nas tabernas e nalgún dos restaurantes máis afamados de Ortigueira.

#### Nivel de dificultade



#### Mapa da ruta



## Ruta dos cantís de Céltigos

Praia da Mansa

**Punto de partida:** praia de San Antón en Espasante 43°43′18.47″ N 7°48′17.66″ O

**Punto de destino:** Mazorgán (Céltigos) 43°43′42.40″ N 7°46′59.17″ O

**Distancia:** 3,5 km (só ida)

**Tipo de sinalización:** pivotes de madeira.

### Como chegar?

No km 57,8 da AC 862, toma o desvío a Espasante e avanza ata chegar á praza de Santo Antón, onde poderás aparcar e iniciar o camiño.

Tes ademais a posibilidade de utilizar o FEVE, que conta con estación na vila mariñeira.

### O que vas atopar:


- Praias para todos os gustos. A dos surfistas, Santo Antón; Eirón, a de quen busca calma total; Bimbieiro, o pequeno areal familiar; Ribeira Ouriceira, de difícil acceso e punto de faena de pescadores.

- Tramos de costa nos que a natureza se mostra en estado puro, con espazos por descubrir como a Punta Bandeixa ou a praia da Mansa.

- Poderás contemplar panorámicas impresionantes do Cabo Ortegal.

**Unha suxestión:** os ourizos abundan neste tramo de costa, en marea baixa, aventúrate entre as rochas do litoral para velos.

#### Nivel de dificultade



#### Mapa da ruta



## Céltigos. Ruta da Pena Furada

Pena Furada, na praia de Sarridal

**Punto de partida:** Mazorgán (Céltigos) 43°43′42.40″ N 7°46′59.17″ O

**Punto de destino:** acceso a Ribeira do Carro en Loiba. 43°44′09.80″ N 7°45′53.48″ O

**Distancia:** 2,3 km (só ida)

**Tipo de sinalización:** pivotes de madeira

### Como chegar?

No km 59 da AC 862, na parroquia de Espasante, colle o desvío cara a Mazorgán e ao chegar a este lugar, busca un sitio para deixar o coche, onde non moleste.

### O que vas atopar:

- Monte ao pé do mar.


- Un bo exemplo de construcións tradicionais de Galicia, no lugar do Rubido.

- A praia virxe máis longa do "Camiño da Costa", Sarridal, un areal ata hai ben pouco inaccesible, coa impresionante Pena Furada como emblema.

- Un miradoiro excepcional para facerse coa postal característica do Sarridal. Desde este punto poderás albiscar os auténticos monumentos naturais, esculpidos polo mar bravo da veciña parroquia de Loiba.

**Unha suxestión:** se che gusta a pesca deportiva, esta praia tranquila é, sen dúbida, unha boa alternativa.

#### Nivel de dificultade



#### Mapa da ruta



Fotografía: Ari García

## Loiba. Ruta das Algas

Burro cargado de algas en Loiba

**Punto de partida:** acceso a Ribeira do Carro 43°44′09.80″ N 7°45′53.48″ O

**Punto de destino:** pasarela praia de Esteiro. 43°44′43.03″ N 7°43′37.84″ O

**Distancia:** 6,8 km (só ida)

**Tipo de sinalización:** pivotes de madeira

### Como chegar?

No km 63,3 da AC 862, en Loiba, toma o desvío ao Picón. Despois sigue a sinalización que indica Pena Furada. A pista asfaltada conclúe no comezo desta ruta.

Támén podes utilizar o tren. FEVE fai parada nesta parroquia. Nese caso, deberás sumar algúns quilómetros para chegar ao itinerario sinalizado.

### O que vas atopar:

- Un paraíso natural por descubrir na parroquia de Loiba, libre de cemento e ruído; incluído na Rede Natura.

- Unha sucesión de praias virxes, rodeadas dun certo halo de misterio.


- Pronunciados cantís de filitas e xistos, con rochas de formas caprichosas, auténticamente monumentais.

- Un singular e diminuto embarcadoiro entre enormes penas que fala do duro oficio dos mariñeiros do lugar.

- Cun pouco de sorte, a curiosa estampa nas ribeiras das recolectoras de algas xunto aos seus burros, que suben coas alforxas cheas desta planta mariña.

**Unha suxestión:** concerta unha visita e comparte unha xornada de traballo coas mariscadoras, os mariñeiros e as algeiras que faenan ao longo do Camiño da costa.

#### Nivel de dificultade



#### Mapa da ruta



# Hostalería nas rutas

#### Restaurante Bajamar

Rúa do Muelle, s/n. Ladrído  
Telf. 981 408 063

- Especialidades: lumbricante á prancha, mariscos, peixes e comidas caseiras.

#### Pizzería do Baleo

Estrada de Couzadoiro, s/n. Baleo  
Telf. 981 400 280

- Especialidades: pizzas e lasañas.
- Horario: 13.00 a 15.30 / 18.00 a 00.30 horas.

#### Restaurante Planeta

San Roque, s/n. Espasante  
Telfs. 981 408 366 - 981 408 037

- Especialidades: peixes e mariscos. Viveiro.
- Categoría: ☹☹

#### Restaurante Las Palomas

Estrada San Xoán, 11. Espasante  
Telf. 981 408 311

- Especialidades: caldeirada de peixe.
- Comidas por encarga.
- Aberto só en tempada alta.

#### Taberna IN

Rúa Nova, s/n. Espasante  
Telf. 981 408 151

- Especialidades: polbo, tortilla e croquetas.
- Comida por encarga.

#### Restaurante - Marisquería Orillamar

Praia de Santo Antón. Espasante  
Telf. 981 408 050 / Fax 981 426 033

- Cetárea de marisco.
- Especialidades: mariscos galegos. Peixes e mariscos á grella. Rabada en salsa de caviar de ourizos. Lombos de robaliza con cogomelos. Vitela galega. Repostaría caseira.
- Categoría: ☹☹

#### Cervexaría - Restaurante Viento del Norte

Estrada San Xoán, 8. Espasante  
Telf. 625 552 928

- Especialidades: pratos típicos e cociña de autor.

#### Centro Social Espasante

Rúa Nova

- Especialidades: de xuño a setembro: racións de polbo, navallas, percebes e raxo.

Menú do día.

Semana Santa: Racións.

#### Restaurante O Galeón

Loiba. Ortigueira

Telf. 981 414 191

- Especialidade en arroz con lumbricante, arroz con marisco variado e fideos con polbo.

## Máis información

#### Centro de interpretación e recepción de visitantes

Porto de Ortigueira, xunto ao Paseo Barro Soto

#### Oficina de turismo

Lagarea, s/n, Teléfono 981 422 089;

turismo@concellodeortigueira.com

**www.concellodeortigueira.com**

